

D. TELESFORO VEIGA RIAL

REPRESENTANTE DOS INTERESES SOCIAIS

Licenciado en Ciencias Económicas e Máster en Dirección e Administración de Empresas pola Universidade da Coruña. (1988-93) Profesor en seminarios e cursos de posgrao impartidos nas Universidades da Coruña, Santiago e Cantabria. Vicedecano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (UDC). (1992-93)

▀ Actividade profesional actual

Director de Control da regulación e comercialización no Banco Santander.

Membro do Consello de Administración en empresas tecnolóxicas relacionadas coa educación, a eficiencia enerxética e sustentabilidade que desenvolven solucións tecnolóxicas baseadas no e-learning, IoT (internet of things) e blockchain.

▀ Traxectoria

Desde fai máis de 28 anos ocupa posicións directivas de primeiro nivel no sector financeiro (Banco Pastor, Banco Popular e Banco Santander) asumindo responsabilidades nos distintos ámbitos: riscos, marketing, comercial, dixital, tecnoloxía, operacións, organización, desenvolvemento de negocio internacional e control.

No Banco Pastor lidera a creación dun dos primeiros bancos online do país (oficinadirecta.com), a transformación da entidade desde a Dirección de Tecnoloxía e codirixe o proxecto de integración co Banco Popular.

No Banco Popular lidera os proxectos de segregación de Targobank (Credit Mutuel) e a integración de City Bank España como Director de Organización e como Director de Desenvolvemento de Negocio Internacional lidera a implantación do Banco en México, formando parte do Consello de Administración da entidade en dito país.

No Banco Santander codirixe a integración das unidades de Operacións, Procesos de Banco Popular, así como a función regulatoria de ámbalas entidades.

Tamén forma parte do Consello de Administración en Grupo Louzao (2005/11) e Netex (2017-actualidade) co foco na optimización patrimonial e no desenvolvemento estratéxico de negocio. Netex cotiza no Mercado Alternativo Bursátil desde 2017.